




Festas na Escola

OS MAIOS



COLECTIVO "OLLO DE SAPO"

MARÍA PILAR LORES TORRES
XOSÉ CARLOS MORGAGE MARTÍNEZ



As festas do ciclo de maio

As orixes

Qai distintas teorías entre os antropólogos sobre as orixes das festas de maio; mentres algúns autores, como Risco ou Cuevillas, defenden a procedencia céltica, outros, coma Le Goff, establecen os seus antecedentes nas festas clásicas (gregas e sobre todo romanas); mesmo Vicetto chega a propoñe-la procedencia centroeuropea, quizais sueva. Posiblemente tódolos autores teñan ben fundamentadas as súas teses e as festas relacionadas coa agricultura e o espertar da vida vexetal fosen celebradas en case tódolos pobos de tradición agraria.

Deste xeito tódolos antropólogos coinciden en salientar que existe un ciclo de festas relacionadas co espertar da natureza e a chegada do bo tempo; este ciclo é situado por Julio Caro Baroja(1) entre mediados de abril e mediados de maio e coincidiría coas celebracións romanas en honra de Ceres, deusa da agricultura, e na tradición cristiá comenzaría polo San Xurxo, o 23 de abril, con remate na festa da Ascensión, a mediados de maio. Algúns autores prolongan o ciclo deica a festa de San Xoán, no solsticio de verán, co que cinguen na mesma alínea as celebracións da xermolación e da floración das plantas.

Un pequeno grupo de antropólogos(2) sostén que estas festas están constituídas por un ritual animista para asegura-lo agromar das sementes e o crecemento dos animais, ofrecendo, por medio das cerimoniais que se celebran, homenaxe ós espíritos de plantas e animais.



En todo caso é indiscutible a celebración, nas festas do ciclo de maio, do espertar da natureza, a protección de vexetais e animais, e mesmo a celebración do inicio do amor, nun contexto dinamizado pola ledicia perante o alborear da vida nova.

As Manifestacións

En Galicia tiveron tradicionalmente moita forza as distintas manifestacións do ciclo de maio, se cadra polo carácter eminentemente agrario da sociedade tradicional galega. Clodio González Pérez(3) clasifica estas manifestacións en:

1-Manifestacións agrarias

Abundantes noutro tempo, hoxe xa desapareceron ou consérvanse illadas nalgunhas zonas rurais. Entre elas podemos citar:

- a) Alumea-lo pan.- É un rito que inda hoxe se conserva nalgunhas zonas de Outes, Rois e Negreira. Na noite anterior ó 1º de maio os veciños saen con fachos de colmo ou palla polas terras cultivadas e realizan unha cerimonia de protección ás sementes para afastar delas os perigos que as poidan estragar.
- b) Os ramos.- Consiste no costume, que inda pervive en moitos lugares de Galicia, de poñer ramos de xesta ou codeso nas terras cultivadas, especialmente despois de sementadas.

2-Manifestacións pecuarias

Como exemplo delas está o costume de deixar sen ata-



lo gando o día 3 de maio, día da Santa Cruz, ou enfeitá-lo con flores ou poñerlle algún sinal. Tamén se poñen ramos nas cortes do gando ou nos apeiros de labranza.


3-Manifestacións mariñeiras

Son escasas, xa que se considera que o peixe neste mes non está en comida. Reducíanse a poñer ramos nos barcos cando se remataban de construír ou a facer maíos con forma de barco.

4-Manifestacións lúdicas

Son as que mellor se conservan e, xa que logo, as máis coñecidas popularmente. "Os maíos" son o exemplo máis significativo, coa función de anunciar o rexurdimento da vida vexetal e a despedida do inverno. Poden ter diversas formas:

- a) Os arcos.- Xa escasos hoxe en día, facíanse arcos engalanados con flores e follas que se colocaban en prazas e camiños. Tamén había o costume de cubri-lo chan de certos lugares con flores e follas.
- b) A árbore de maio.- Costume xa case desaparecido, consistente en erguer nun lugar céntrico e visible (unha praza, un outeiro) unha árbore derramada de tódalas pólas agás as do curuto. Algunhas veces se lle colgaba un boneco, o "maio".
- c) Os maíos.- Son a expresión máis enxebre, da que falaremos máis adiante.



5- Manifestacións amorosas.-

Tradicionalmente se considera os primeiros días de maio como moi axeitados para o amor e a galantería. Os mozos atopan o ambiente apropiado para facérlle- - as beiras ás mozas e namoralas. Podemos falar de varias expresións:

- a) Ramos e enramadas.- Costume xa desaparecido era o de que o mozo entregáballe un ramo de xesta á moza que pretendía: se o ramo era aceptado entendíase que a moza aceptaba o galanteo. Nalgúns lugares a derradeira noite de abril os mozos poñían ramos nas portas e balcóns das casas das mozas para que soubesen que alguén as pretendía.
- b) Maios amorosos.- Consiste na inclusión de coplas amorosas nas cantigas dos maios. Son escasos en Galicia e supoñemos que foron importados doutras terras.
- c) Os quintos.- Quizais tamén alleas, son cantigas sobre a marcha dos mozos ó servizo militar, cantadas por mozas enfeitadas con flores e portando un ramo.

6- Manifestacións cristiás ou cristianizadas.-


Moitas destas expresións pagás foron asimiladas polo cristianismo, ben porque algúns dos seus elementos fosen comúns coa nova doutrina, ben polo seu fracaso en facelas desaparecer. Vexamos algúns exemplos:

- a) O Santoral.- Numerosos santos pasaron a facerse cargo da protección de cultivos, animais e sementes:



San Xurxo, San Marcos, San Pedro Mártir, San Alberte ou San Filipe, segundo as parroquias; as celebracións do 3 de maio ficaron baixo a advocación de Santa Helena ou da Invención da Santa Cruz; a festa da Ascensión convertiuse na festa grande que pechaba o ciclo de maio; as festividades do Corpus Christi monopolizaron os ritos de estrar de flores as rúas e, ó cabo, todo o mes de maio, o mes das flores, trocouse no mes da Virxe María. Para finaliza-lo proceso, a promesa de fecundidade que significaba o espertar da vida natural e o comenzo da actividade agraria eran consecuencia da Nova Vida que Xesús Cristo traía para nós, unha vez triunfante da morte trala conmemoración da Pascua, que loxicamente se denominaba "florida".

- b) Ramos, cruces e bendicións.- Os ritos de protección de sementes e animais con poliñas e ramallos de xesta ou codeso foron enriquecidos ou substituídos por elementos cristiáns: a auga bendita, a poliña de oliveira (que nos conduce á celebración do Domingo de Ramos) ou a imposición de cruces foron trocando no cerne do rito e suplantando a forza protectora da natureza pola forza protectora da simboloxía cristiá nunha mestura de cerimoniais nas que é difícil afastalo pagán do cristián.
- c) As cruces de maio.- A celebración do 3 de maio foi mudando en exaltación da Santa Cruz. A meirande parte das cerimoniais e ritos que neste día se realizaban tiñan a cruz como símbolo ineludible que presidía



maios, prazas e camiños, ou era levado a igrexas e capelas.

- d) Ramos procesionais.- As procesións relixiosas foron enchéndose do que poderíamos chamar "simbología vexetal": mordomos da festa portando ramallos ou pólas con fitas de cores, flores e froitos pendurando da imaxe de santos sacados en procesión, ramos ofrecidos á Virxe polas mozas do lugar, etc. Estas manifestacións van perdendo forza hoxe en día.
- e) Escenificacións relixiosas.- Xa case desaparecidas, soamente se conservan en Laza (Ourense). A representación de Adán e Eva podería proceder dalgunhas danzas da fecundidade, de carácter agrario, e os personaxes principais poderían se-los sucesores de primitivos Rei e Raíña de Maio. Tamén vai perdendo forza o costume de cantar coplas á Virxe nas igrexas durante o mes de maio.

ref
1
ofr
nor
2
nen
ción
e ho
inda
com
O Pa
de o
rexu
tos,
ante
com
Carb
3-
mida
titúe

OS MAIOS

Catro son os tipos de "maios" dos que hoxe temos referencia:

1-RAMOS DE MAIO


Eran ramos pequenos que os rapaces facían e que ofrecían á xente pedíndolle lambonadas en troco. Hoxe xa non perviven.

2-MAIOS HUMANOS

Neste caso o "maio" é unha persoa, comunmente un neno, que é cuberto de ramallos e flores. Ten manifestacións parellas en Inglaterra, Austria, Cataluña ou Portugal e hoxe soamente se conservan na nosa Terra en Portomarín, inda que se sabe que saían a primeiros de século en lugares como Santiago, A Coruña, Ribadeo, Viana do Bolo ou O Porto do Son. As cantigas que cantan os nenos carecen de crítica e as letras, as mesmas tódolos anos, falan do rexurdir da natureza ou piden ás xentes lambetadas e froitos, normalmente castañas. En moitos dos lugares onde antes saían maios humanos rexurdiron nos últimos anos como maios figurados: O Barco de Valdeorras, Santiago, Carballiño, etc.

3-MAIOS FIGURADOS

O "maio" está formado por unha figura cónica ou piramidal cuberta con ramallos e flores. Considérase que constitúen unha evolución dos humanos, dos cales proceden. Ás



veces tamén poden adoptar formas varias, como monumentos locais, personaxes populares, etc. As cantigas que interpretan os nenos teñen letras distintas cada ano e fan referencia á louvanza da primavera, ó interese por gañalos concursos organizados polas institucións locais ou asociacións culturais, pero máis que nada conteñen críticas ás autoridades polo seu mal goberno. Son especialmente coñecidos os de Pontevedra, Ourense, Redondela ou Marín, inda que hoxe é o tipo de maio máis espallado e está estendéndose por lugares onde xa se perdera o costume.

Un tipo especial de maio figurado é o que sae en moitas vilas mariñeiras, como Marín, Vilagarcía ou Sanxenxo, que ten forma de barco e que vai engalanado con flores e bandeiriñas.

4-AS MAIAS

Moi abundantes antigamente, inda que tamén moi perseguidas polas autoridades civís e relixiosas. En Galicia localizábanse nas vilas e cidades, en dúas versións:

Maias pagás.

Constituídas por un grupo de nenas pequenas levando un arco enfeitado con flores e fitas de cores, debaixo do cal andaba unha nena, a Raíña do Maio; ceibaban cantigas anunciadoras da primavera e da vida, pedindo froitos e diñeiro.

Maias cristiás.

inda que tamén usaban elementos vexetais, os seus elementos (coplas, adobíos) estaban cheos de símbolos cristiáns e pedían diñeiro para algún santo.

(1)-

(2)-


(3)-



Nunhas ocasións facían as súas peticións a carón dun altarciño engalanado con flores e que amosaba a imaxe dalgún santo, e noutras andaban percorrendo as rúas da vila.

As coplas que se conservan das maias están en castelán e teñen contido relixioso, repetíndose as mesmas tódolos anos. Hoxe xa desapareceu este tipo de maio.

-
- (1)- JULIO CARO BAROJA: *La estación del amor. Fiestas populares de mayo a San Juan.* Madrid, 1979.
- (2)- MANNHART: *Baum-und Feldkultus.* Berlín, 1904.
- (3)- CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ: *A festa dos maios en Galicia.* Pontevedra, 1989.





PLAN MARCO

- *MOTIVACIÓN XERAL.*

- *RECOLLEITA DE MATERIAL:*

elementos materiais do maio:

pampillos e margaridas, fiúncho, cartuchos (calas),
cascas de ovos, laranxas, partes da estrutura
(paos, vimbios, canas...).

literatura de tradición oral:

cantigas, refráns, adiviñas, lendas, contos, xogos
populares...

- *DECORACIÓN DO COLEXIO CON ELEMENTOS VEXETAIS E TRABALLOS
DOS ALUMNOS.*

- *EXPOSICIÓN:*

literatura de tradición oral

creacións:

cantares

adiviñas

contos

caligramas

traballos manuais

- *XOGOS:*

as chapas

a corda



a roda

o pano

o quedas

recuperación dun xogo popular (p.ex. "peletre" con forma de maio)

-CONCURSOS:

figuras cun só trazo

cantigas

traballos de investigación sobre plantas

composicións vexetais

imitación de cantos de paxaros



IDEAS PREVIAS

Somos conscientes de que a festa dos Maios é unha das que menos entrou no labor didáctico das escolas galegas. Son relativamente escasos os centros escolares que teñen recollido estas manifestacións populares e as incorporan ás actividades educativas, e nestes centros as máis das veces a confección do maio responde ó esforzo persoal dalgúns mestres, sen ser asumida pola comunidade escolar como elemento aproveitable para o traballo educativo. Noutros centros públicos e especialmente nos privados de titularidade eclesiástica, as celebracións da chegada da primavera están tinguidos de simboloxía cristiá, substituíndo a forza benefactora da natureza polo labor protector de santos e virxes, mudados en verdadeiros motores da eclosión vexetal.

Para iniciar actividades relacionadas coas Festas Anuais, cómpre partir sempre do contorno e tirar del as primeiras manifestacións. Coa Festa dos Maios non é diferente, e convén, no caso de que non se apreciaran manifestacións definidas, partir de pequenos exemplos de uso e simboloxía de plantas e flores, espallados inda hoxe por toda Galicia.

Para revivi-la presenza da simboloxía vexetal no entorno podemos preparar actividades como as seguintes:

- 1- Cunha foto ou diapositiva dun maio ou doutra manifestación deste tipo, que os alumnos vaian dicindo palabras que lle suxiren.
- 2- Presentando un ramo ós rapaces, que vaian dicindo todo o que saben sobre el: cando se usa, cando se fai,



para que se usa, quen e como o usa, onde se pon, tipos de ramos que hai, etc.

- 3- O Maiograma.- Cada alumno cóntalle ó que ten á beira unha característica da festa dos maíos, cunha soa frase. Ó cabo, escríbense as frases no encerado, sen dici-lo nome do alumno e elimínanse as frases repetidas.
- 4- O Maio de todos.- Imos debuxar un maio no encerado coa participación de tódolos rapaces. Cada un só pode pintar unha parte do maio. Deste xeito podemos comproba-las lagoas que teñen sobre a composición do maio.
- 5- O Maio completo.- Cada alumno debuxará nunha folla un maio procurando non esquecerse de ningún compoñente.
- 6- Escríbelle unha carta a un esquimó, contándolle como facéde-lo maio.
- 7- Disfrazo un maio.- Usando a técnica plástica que se prefira, elabórase un maio e disfrazase dun personaxe.
- 8- O Telemaio.- Construimos un marco de televisor e cada alumno pasa dando a súa noticia breve sobre o maio.



Podemos aproveitar algunhas das actividades propostas anteriormente para comprobar o grao de coñecemento da festa que teñen os nenos. Como motivación podemos facer unha pequena saída para coñece-lo estado da natureza neste tempo.

I - FACEMOS UN RAMO

1- Descubrímo-las flores.

Os rapaces traerán flores silvestres e plantas que atopen no lugar onde viven.

- a) Clasifícamolas:
 - por cores
 - con flores e sen elas
 - follas grandes e pequenas
 - polo tamaño das plantas
- b) Unha vez clasificadas, os alumnos deben recoñecer cada grupo polo cheiro cos ollos pechados.
- c) Cada neno collerá unha planta. O mestre dálles unha parella de antónimos relacionados co tacto (brando-duro, liso-rugoso, dobra-non dobra, goso-fino, etc) e os alumnos escollerán entre elas dando unha patada no chan ó dici-la solución.




2- Elaboración do ramo.-

Unha vez feito o ramo, usamos un monicreque (o Maiolo) adornado cos atributos do maio (corpo florido, forma cónica e cabeza enfeitada con plantas) que explicará ós alumnos, coa axuda dun debuxo ou dunha foto dun maio, o uso que a xente fai dos ramos e dos maios:

O MAIOLO

Ola rapaces; eu son Maiolo e quero se-lo voso amigo. Vouvos dicir o uso que lle dá a xente ás plantas e as flores, porque o home gustou sempre de rodearse delas e as usa para adornar nas celebracións, para festexar datas importantes e para agradecer a axuda que nos prestan. Por exemplo, o ramo que se pon cando se remata unha obra. Cando chega este tempo en que o campo se enche de plantas e flores, a xente está satisfeita porque chegou a primavera e logo teñen que dar froito os cultivos. Por iso en moitos lugares os rapaces festéxano facendo un maio con forma de pirulí e cóbreno de fiúncho, laranxas, ovos e flores. E despois andan con el polos arredores e van cantando cantigas para que as escoite a xente.



(O texto debe ir acompañado dun axeitado xogo dramático que manteña a atención do neno e o interese pola narración).



3- Actividades de comprensión:

* Canta "si" ou "non":

- ¿O Maiolo está cuberto de plantas?
- ¿O Maiolo fuma en pipa?
- ¿O ramo ten flores e ferros?
- ¿O ramo ten flores e plantas?
- ¿O maio ten forma redonda?
- ¿O maio remata en punta?
- ¿O maio está feito con laranxas e ovos?
- ¿O maio está feito con papeis e teas?

4- Dramatización:

Representámo-la historia do Maiolo, repartindo os rapaces por parellas, nas cales un neno é o maio que está espido e que é vestido cos elementos axeitados polo outro rapaz. Despois podemos facer que os alumnos muden de rol. É conveniente manipular-lo texto para crear situacións lúdicas ou divertidas.

5- Bloques lóxicos:

- a) Co debuxo dun maio na parede, os alumnos buscan nos bloques as figuras que teñan a forma de maio.
- b) Coas figuras escollidas facemos rodas de maios cos criterios:
grande-pequeno
groso-delgado
vermello-azul-amarelo
- c) Con tódalas figuras triangulares dos bloques lóxicos, os rapaces escollerán as que respondan ás características indicadas polo mestre:



- Un maio grande e gordo
- Un maio gordo e amarelo
- Un maio vermello e pequeno

Cando atopen cada maio, levarano a un triángulo previamente debuxado no chan e deixarano alí. Cando o teñan cheo coas figuras, baléirano e volven a enchelo con outros criterios.


Variante: podemos tamén darlle criterios diferentes a cada alumno.

6- A mensaxe.

Actividade de expresión oral. Repartímo-los nenos en grupos de seis e colocámo-los rapaces de cada grupo en fila. Dicímoslle ó oído ó primeiro neno do primeiro grupo a mensaxe, que é unha palabra do vocabulario do maio, e baténdolle no lombo cun ritmo determinado. Ós outros grupos dámoslles outras mensaxes. Os nenos de cada grupo deberanse pasa-la mensaxe deica o último, sen perde-lo ritmo.


7- Desfile de maios:

- Os maios ían todos xuntos a cantar, correndo en fila. Veu unha lufada de vento e tirou moitos de cabeza abaixo. Debúxaos:





b Tanto vento fixo, que as laranxas marcharon dando voltas polo camiño:



8- Tamén podemos aproveitar estas formas para a expresión corporal. Os rapaces fan de maios tirados polo vento e de laranxas que rodan.

9- Expresión rítmica.

Aproveitando a actividade anterior, os nenos traballan ritmos distintos segundo a súa posición e desprázanse atendendo o ritmo marcado polo profesor no pandeiro:



maios boca arriba = ritmo de negras

maios boca abaixo = ritmo de corcheas






laranxas rodando = silencio, acompasando a palabra "maio" a unha volta completa do xiro.

10- Os maios perdidos.

Xoán e Andrea andaban buscando os maios que perderan cando estaban cantando. Búscaos e píntaos de verde:



12- Facemos conxuntos no chan cos aros. Variando o número de elementos podemos traballa-los conceptos moitos-poucos, algún-ningún, cheo-baleiro, etc. Que representen nunha ficha os conxuntos feitos no chan.






II - CANTÁMO-LA CANTIGA

1- Partimos desta cantiga popular:

*Este mes de maio
é o mes das flores
cando os paxariños
ven os seus amores.*


- a) Cantárlle-la cantiga dándolle un ritmo popular. Podemos usar uns paos para face-lo ritmo, seguindo a tradición dos palitroques que acompañan as cantigas de maio. Para facilita-la comprensión do texto, podemos acompañalo do seguinte cartel en viñetas:




ESTE MES DE MAIO...



É O MES DAS FLORES...



CANDO OS PAXARIÑOS...



VEN OS SEUS AMORES...



- b) Memoriza-la cantiga usando distintas estratexias para aprende-lo ritmo e a letra (piano, forte, allegro, triste, romántico). Poden ir variando de cada vez o elemento co que se fai, xa sexa unha parte do corpo (man, pé, xeonllo, etc) ou un elemento da clase (lapis, regreta, bloque, libro, etc). Os nenos poden inventar propostas.
- c) Ordena-los textos do cartel. Dámoslles nunha ficha as 4 viñetas do cartel, ordenadas, e eles terán que colocar cada texto na súa viñeta.

2- Recoñece-los paxaros:

- a) Partindo da 3ª viñeta, onde se verán distintas clases de paxaros, amosamos ós rapaces diapositivas de paxaros do seu contorno, para que os recoñezan, comenten as características e os busquen na viñeta.
- b) Exercicio de creatividade: Á vista da viñeta, os rapaces contestan:
 - ¿Que oficio teñen os paxariños?
 - O merlo
 - O canario
 - A rula
 - O corvo
 - A pomba
 - ¿Que parentes teñen?
 - ¿Quen é o pai do merlo?
 - ¿Onde vive o avó do canario?
 - ¿Como se chama a tía da rula?
 - ¿Onde traballa o fillo da pomba?



-Os paxaros van ve-los seus amores. Xa que logo, hai voda

-¿Cales son os paxaros que casan?

-¿Como é a torta da voda?

-¿Como van vestidos os invitados? ¿E os camareiros?

-¿Quen foron os invitados? ¿Que comeron?

b) Debuxade a festa do casamento entre todos. Non vos esquezades dos noivos, os padriños, os invitados, a comida, a torta e os músicos.

c) Dramatizámo-la voda.

3- Facemos rimas:

-Coa palabra "paxariño" imos facendo unha cadea deste tipo:

Un paxariño é coma un ...iño, un ...iño é coma un ...iño, etc.

4- Introducimos os rapaces na idea das **cores na natureza** usando a segunda viñeta. Por medio dos vexetais facemos un arco da vella coas distintas cores. Distribuímo-la clase en sete grupos, cada un encargado de traballar unha cor, dándolles como guía un vexetal:

verde = fiúncho

amarelo = pampillo

laranxa = laranxa

vermello = camelia, rosa

violeta = carrasco

añil = orquídea silvestre

azul = xacinto, sarxa



5- O arco da vella vai de paseo:

-Cos sete grupos que temos formados, distribuímos adhesivos coas sete cores e con forma distinta para cada adhesivo. Unha vez colocados os adhesivos, os nenos farán ringleiras, simulando cada cor do arco da vella. Coa axuda dunha música, facemos psicomotricidade a través do espacio dando ordes coma:

-O vermello e o añil desaparecen (os rapaces correspondentes agáchanse).

-O azul e o verde caen de cu (fano os nenos desas cores).

-O amarelo e o laranxa danse unha aperta.

-O azul, o verde e o violeta fican durmidos.

6- Traballo con regretas:

-Contamos en voz alta as bandas do arco da vella. Despois cadaquén busca na súa caixa de regretas tantas como bandas hai:

-Busca unha regreta que mida tanto coma tódalas que tes.¿De que cor é?

-Busca unha regreta maior ca anterior. Busca unha menor.

-Busca dúas regretas que midan xuntas o mesmo cá primeira.

7- Dictado de regretas:

-Imos colle-las cores do maio: verde (fiúncho) - vermello



(camelia) - amarelo (pampillo) - branco (cala) - laranxa (laranxa) - castaño (paos)...


- a) Contesta:
¿Que cores non ten o maio?
- b) O maio está descolorido. Unha pega rouboulle unha cor. A ver se descubres que cor roubou (O mestre agacha unha regreta de cada neno; teñen que descubrir que cor falta).
- c) Vaia coa pega. Imos facer un camiño para ir atrás dela, collendo primeiro as regretas máis grandes (Os nenos ordenan as regretas segundo o tamaño).


8- Expresión plástica:

Xa atopámo-la pega. Pero está chorando porque non ten niño. Vamos facerlle un (Os rapaces fan un niño de barro).

9- Remata a foto da pega:

Dámoslle una ficha semellante a esta, para que o neno contornee con cores.






III - O MAIO DURMIÑÓN

Xogo

É un xogo de roda. Tódolos nenos fan unha roda collidos das mans, mentres o neno que fai de maio acrequénase e pecha os ollos. Un dos nenos da roda escóndese, mentres os demais xiran cantando:

*Levántate, maio
que tanto durmiches,
que xa somos menos
e non nos sentiches.*



O neno que fai de maio debe erguerse e descubrir quen falta. Se acerta, o cativo que se escondeu vai ó medio.

- 1- **Debúxate** xogando ó "maio durmiñón" cos teus amigos (Convén que se identifiquen no debuxo e que representen os obxectos do espacio no que se moven).
- 2- **Expresión oral:** Facemos frases orais á vista do debuxo, tendo en conta os conceptos espaciais (no medio, ó lado, preto, fóra, lonxe...) e as cores da roupa.
- 3- **Ritmos:**
 - a) O mestre ritma a cantiga. Os nenos responden repetindo os versos co mesmo ritmo.
 - b) O mestre ritma a cantiga, trocando a palabra "maio" polo nome dun neno. De tódolos rapaces que están facendo o durmido na alfombra, érguese o neno indicado e repetirá a cantiga co mesmo ritmo, pero mudando de nome para seguir a cadea.



4- Feita de novo a roda, traballámo-los **conceptos aberto/pechado**. Os rapaces xiran collidos das mans ó ritmo dunha música. Cando o mestre corte a música e amose un obxecto dalgún alumno, este erguerá a man e dicindo "¡roda aberta!" (que repiten arreo os demais, cada vez máis rápido) vai coller o obxecto e déixao no seu sitio. Volve ó seu lugar na roda e cando se une ós compañeiros, todos levantan as mans unidos berrando "¡roda pechada!". Volve a música e continúa o xogo.

5- **Expresión escrita.**


Nunha ficha con rodas pechadas e abertas, repasa de verde as rodas abertas e pinta de cor vermella o interior das rodas pechadas.

6- **Facemos rodas:**




7- **Dramatización:**

Se os nenos non coñecen o maio, temos que ensinarllo cun cartel, foto ou diapositiva. Despois contámoslle-la historia do maio que reviviu, falándolles do outono, cando os vexetais do maio se murchan; e do inverno, cando o maio adormece polo frío. Cando chega a primavera reverdecen as follas e nacen novas flores e o maio vai espertando. Érguese a modiño e vaise enchendo de adobíos (laranxas, ovos, coroas, etc). Este texto debe ser a idea básica dun conto infantil que os nenos van dramatizar.




8- Pinta de verde as partes con cruces.

Adiviña de quen se trata.



9- Iremos poñer estas cinco laranxas en cada maio:





10- Traballamos con regretas:

-Collemos tantas regretas como laranxas (5).
Cambiámolas pola regreta que mide igual. Facemos camiños de regretas que midan o mesmo (vermella + verde, branca + rosa, etc).










11- Facemos laranxas e ovos:




12- Expresión oral:

- Di obxectos que teñan a mesma forma có maio.



13- Nesta ficha rodea cun círculo azul os obxectos que teñan a forma do maio.





14- Viste o maio:

- Ponlle o fiúncho ó maio (píntao de verde); pica os elementos do maio que hai na ficha da dereita e pégaos no maio.



15- Fagámo-lo noso maio:


- Nun mural cos contornos do maio os nenos deben pintar, cunha esponxa mollada en témpera verde, o fondo de fiúncho do maio. Os adobíos (ovos, laranxas, flores, etc) deben pintalos a pincel. Despois os nenos píntanse eles mesmos cadaquén nun folio e péganse no mural arredor do maio.

16- Xogo de roles:

-Preguntas:

- a) Este maio é a casa de ...(personaxe real ou imaxinario)
- b) ¿A que se dedica?
- c) ¿Que come?
- d) ¿Que vestidos usa?


Educación infantil



- e) ¿Como se move?
- f) ¿Como fala?
- g) Esta casa,¿como é por dentro?
- h) ¿Como se entra nela?
- i) ¿Ten luz?
- l) ¿Que cuartos ten?
- m) ¿Como é a cociña?
- n) ¿De que cor ten as paredes?
- ñ) ¿Cantos viven nela?

17) Debuxa a casa de ... por dentro.

18- Completa os maios:





IV - AS PLANTAS

Conto


O país das flores

No país das flores inda non nacera ningunha. As plantas estaban todas enterradas porque fóra ía moito frío. Pero chegou a primavera e apareceu o rei Sol, botando moita calor. As plantas espreguizáronse e erguéronse do chan coa caloriña. O Sol botaba calor e as plantas andaban contentas, rían, cantaban e bailaban todo o día. Pero o sol seguiu botando calor e as plantas suaban. Tiñan moita sede e xa non se movían de tan cansas que estaban.

O Sol seguía quentando e quentando. As plantas suaban e ían murchándose. Ficaban sen forzas e dobraban o corpo. Xa ninguén podía falar. A raíña das flores, Margarida, dixo baixiño: "Teño moita sede, quero auga". Un paporrubio que pasaba voando escoltouna e, vendo as plantas murchas, deulle mágoa.

- Non vos preocupedes, agora veño.

E marchou cara ós montes, onde andaban as nubes a xogar ó escondite. Falou con elas e viñeron voando. As nubes soltaron a chuvia e regaron as plantas, que pouco a pouco volveron revivir e erguéronse.




1- Dramatización:

-Dramatizámo-lo texto empregando como música de fondo *A Primavera* de A. Vivaldi. Convén salienta-las etapas de crecemento das plantas ó narra-lo conto.


2- Axudádonos dunha planta deste tempo (por exemplo, un pampillo) en 3 fases do seu crecemento, imos explicándolle-lo *proceso de desenvolvemento da planta*: nacemento, con abrocho e con flor.

3- Pinta, recorta e ordena as viñetas:










4- Enmarcamos con gomets verdes circulares cada viñeta. Os gomets serán de distinto tamaño, segundo o tamaño da planta en cada viñeta.

5- Lembrando o conto, imos *cantar* ás cousas que saen da terra.



6- O dominó das plantas:

- Emparella as fichas con cadansúa metade:
- Xogamos ó dominó por parellas, coas fichas cara abaixo e facemos unha carreira casando tódalas metades.



7- Ollando as fichas falamos da parte da planta que está debaixo da terra: o seu nome, a forma, a cor, etc.

8- Arriba-abaixo:

- Imos dicindo partes do corpo e os nenos cantarán "¡arriba!" ou "¡abaixo!" tocando a parte indicada.
- Espallamos obxectos pola aula tendo en conta a relación "enriba/debaixo". Os nenos teñen que completar frases do tipo:


A pelota está... (enriba da mesa)

Se acerta deberá coloca-lo obxecto en posición contraria.

- Os nenos deben bailar ó ritmo dunha música. Cada vez que se pare, amosámoslles un código xa establecido coa relación arriba abaixo. Os nenos deben recoñece-lo código e situarse enriba/debaixo dalgún obxecto da aula:




códigos



9- Dálle cor á ficha:


- a) Pinta de verde o testo grande que está enriba da mesa.
- b) Pinta de vermello o floreiro que está debaixo da mesa.
- c) Decora con círculos azuis o testo grande que está debaixo da mesa.
- d) Decora con raias de cores o floreiro grande que está enriba da mesa.





10- Traballamos outra ficha:

- a) Completa de cor azul a chuvia e de cor amarela os raios do sol.




- b) Dicimos obxectos que teñen a cor da chuvia e outros que teñen a cor do sol.

11- Traballámo-los sentidos:

- a) Cun misto ou unha lupa posta ó sol, os nenos notarán o efecto da calor. A sensación de frío pode acadarse simplemente afastando o misto ou lupa, ou ben achegando un xeo. Con isto ilustramos que o sol proporciona luz e calor ás plantas.
- b) Para nota-lo efecto da chuvia nas plantas, podemos comparalo co da auga nas persoas. Cun xogo facemos que os nenos consuman enerxías mediante o exercicio físico e cando estean cansos, chamámo-la atención sobre a calor e a sequidade dos seus corpos. Ofrecémoslles un vaso de auga e facémoslles ve-lo cambio e a satisfacción corporal que senten. Así mesmo ocorre coas plantas.




12- Pinta os elementos que precisa a nosa planta e colócallas no debuxo.



13- Observamos e falamos:

- a) Traemos á clase un pampillo e unha cala. Deixámoslos no armario e ó día seguinte amosámoslles ós nenos, facéndolles nota-los efectos do murchamento provocado pola falta de auga, sol e terra para alimentarse.
- b) Collemos un pampillo e unha cala frescos e emparellámoslos cos murchos. Os nenos deben describi-las diferencias entre uns e outros (cor, cheiro, forma, textura, etc).

14- Completa a flor:





15- Pintámo-la flor:

- Pintámo-los pétalos de ténpera vermella e no centro mesturamos co amarelo para que nos dea laranxa e os nenos vexan a formación das cores.

16- Carreiras de flores:

- Despois de pintada, picámo-la flor. Os nenos con cadansúa flor fan carreiras de flores, soprándolles ata chegar á meta.

17- Seguindo a pista:



- Con tódalas flores facemos un itinerario no colexio ou no patio, que os nenos deben seguir ata atopalo tesouro escondido. Antes de comenza-lo itinerario, debemos proporcionarlles tódolos indicios precisos (tipo de tesouro que deben buscar, lugares onde non se pode ir, etc).

- Tamén poden formular este xogo dous ou máis equipos entre si.

18- Contamos:

- Coas flores e con cordas facemos no chan conxuntos de poucas unidades. Os nenos deben facer unións, mudando de lugar as cordas e agrupando os conxuntos.

19- Continúa a serie, facendo cada flor sen ergue-lo lapis:






20- Dramatización:

- Empregando como base o conto *O País das Flores* facemos unha dramatización máis completa. Disfrazámo-los nenos de flores, sol, chuvia, paporrubio, etc. Creamos diálogos con frases moi curtas e acompañamos con música. Cando xa estea elaborada, podemos presentarllela ós rapaces doutros ciclos.

Primeiro Ciclo de Educación Primaria



I- O TEMPO DO MAIO

Os rapaces estaban xogando diante da casa. O avó lía no xornal e ollaba ás veces para eles. Alicia dixo:

-Eu non xogo máis; estou aburrida.

Elías respondeu:

-É certo; estes xogos fan tanta axiña.

O avó volveu miralos:

-Vide acá; a ver se acertades esta adiviña:

Mira que trebello
cargado de flores,
laranxas e ovos
con nenos cantores.



1- Actividades de comprensión:

- ¿Que facían os rapaces? ¿E o avó?
- ¿Que lle pasou a Alicia?
- ¿Quen estaba de acordo con ela?

2- Adiviña a adiviña.

Memorízala cantándoa de diversos xeitos:

- a modo
- con moita prisa
- choromicando
- brincando
- ó xeito chinés (con eles no canto de erres).




3- Espreme os miolos

- ¿Que noticia estaba lendo o avó no xornal?
- ¿Como se chama o xornal?
- ¿Cantos anos ten o avó?
- Describe o avó.
- ¿Cales eran os xogos aburridos dos rapaces?
- ¿En que traballa a nai do pai de Alicia? ¿E o pai da nai de Elías?

4- A ver se sabe-lo que é un "trebello"; enche de flores o significado verdadeiro:

- * Trebello é un peixe que vive no mar.
 - * Trebello é un aparato que se usa para calquera cousa.
 - * Trebello é unha nube de cor laranxa.
- Constrúe tres frases coa palabra "trebello".

5- Fai conxuntos:



6- A letra abusona:

- Constrúe frases nas que repitas moito unha letra:
- "O fiúncho de Fita é fofo"
- "Pepe e Pepa poñen pampillos pequenos"



7- O Maio dos números:

-Hai que face-las contas e despois pintar cada parte do maio coa cor que corresponda ó resultado:

$6 + 2 = \text{verde}$

$5 - 3 = \text{laranxa}$

$11 + 9 = \text{amarelo}$

$14 - 2 = \text{castaño}$

$6 + 4 = \text{branco}$


$2 + 4 = \text{vermello}$

-Contesta:







* ¿Cantas laranxas hai no maio?

* ¿Hai máis ovos ou laranxas?

* A coroa máis baixa, ¿cantas laranxas ten? ¿E cantas peras?






8- Facemos series:

			
 3	 6	 9	



9- Forma palabras:



10- Descubrímo-lo erro:

O mestre proporá listas de catro palabras nas que tres son flores ou plantas e unha non o é. Os rapaces teñen que descubri-lo erro, berrando a letra "u".

margarida

caravel

pampillo

xesta

rosa

casa

fiúncho

11- Expresión oral:

Repartidos en grupos, que inventen unha historia na que vaian empregando as palabras do exercicio anterior.

12- Botámo-las contas:

- Queremos facer tres coroas de oito ovos cada unha. ¿Cantos ovos precisamos?
- Xa teño tódolos ovos. Pero agora romperon seis. ¿Cantos quedan?
- Filipe trouxo doce laranxas e Maruxa dezaseis. Despois chegou Eloi con sete. ¿Cantas laranxas temos en total?



d) A coroa que fixo Artur leva 295 pampillos. Eu vou facer unha igual, pero a miña soamente ten 132 .

¿Cantos pampillos teño que poñer aínda?

e) Antía trouxo unha ducia de ovos morenos. ¿Como se chama o avó das galiñas?

13- O Maio disfrazado:

- Ponlle:

-ollos de pantasma

-pelo de palla

-brazos de chimpancé


-nariz de pinocho

-boca de crocodilo

-saia da Carolina

- Ponlle nome e apelidos:





14- Lista de cores:

Pinta nos rectángulos as cores que usaches para disfrazalo maio. Pónlle-lo seu nome.

_____ _____ _____


_____ _____ _____

15- Imaxinade:

No planeta Sixasei viven uns nenos que teñen trompetas na cabeza e dentes nos pés. Eles tamén celebran os maíos.

- a) ¿Que forma ten o maio?
- b) ¿Con que o fan?
- c) ¿Como o adornan?
- d) ¿Como é a música das cantigas?
- e) ¿Que din nas cantigas?

* Debuxádeo.



II- O TEMPO DA BUSCA

Despois de acertar a adiviña do avó, os rapaces acordaron facer un maio. Para ir buscar os materiais decidiron botalo a sortes. Puxéronse en roda e Cibrán foi cantando:

*Pío, pío, paxariño
¿onde vas tan lixeiriño?
En busca da señora,
chiribitón, fóra.*

De cada vez saía un. Os seis primeiros foron buscar fiúncho, os tres seguintes os pampillos e as margaridas, e os demais as laranxas e as calas. Todos quedaron en baleirar ovos na casa e aproveitar as cascas para o maio.

-Eu sei onde hai fiúncho a esgalla -dixo Alexandre.

-Pois nós imos ás veigas do Yao, coller pampillos -contestou Helena.

E alá marcharon cada grupo polo seu carreiro. Os do grupo de Helena estaban contentos porque o sol xa abrira os pampillos. Encheron axiña varias caixas.


-¿Descansamos un pouco? -dixo Tomé.

-Si, e mentres xogamos ó pampillo -propuxo Elías. Pola súa banda, o grupo de Alexandre tiña que traballar moito:

-Uf, este ano, como choveu pouco, o fiúncho é ben cativo -dicía Alicia.

-Pois temos que coller máis -contestou Bernal-, que hai que facer un maio grande.

Cando xa ía caendo a noite, os rapaces xuntaron todo o recollido na casa de Lois.



1- Actividades de comprensión:

Narrarlle o texto substituíndo partes da historia con xestos que os rapaces interpretarán e responderán; por exemplo:

- Ó estirar o brazo dereito, eles dirán... ós rapaces.
 - Facer un triángulo coas mans, será... un maio.
 - Levar a man esquerda á cabeza, será... fiúncho.
 - Poñer a man no estómago, será... pampillo.
 - Os números facémolos erguendo os dedos das mans.
- Tamén podemos ir ampliando as substitucións.

2- Completar oralmente frases do texto:

- Os rapaces acordaron facer...
- Os seis primeiros foron buscar...
- Todos quedaron en baleirar...
- O grupo dos pampillos encheu...

3- Facemos ritmos


Inventamos ritmos con corcheas e negras batendo en diferentes partes do corpo para memoriza-lo xogo de sortes.

4- Co encerado cheo de flores debuxadas, os nenos teñen que realiza-los seguintes traballos:

- a) Pinta de cor vermella 3 flores que teñan 4 pétalos.
- b) Pinta de azul tódalas flores que son como esta.
- c) Agrupa en conxuntos de 4 unidades tódalas flores do encerado.
- d) Fai un conxunto que teña máis flores cás do encera-do. ¿Cantas ten?



5- **Facémo-los pampillos** dun só trazo:



* Decorámo-los pétalos coas caras dos nenos.




6- **Matemáticas:**

a) Ordenámo-lo material que temos recollido en decenas:

-2 decenas de pampillos.

-1 decena de laranxas.


-1 decena e 6 unidades de flores.


		
---	---	---

*Temos máis pampillos que...

*Temos menos laranxas que...

b) Escollémo-los ovos de 3 en 3.





* Poñémo-las margaridas de 5 en 5.



20



25






- c) Temos que xuntar 4 decenas e 8 unidades de canas. O avó só nos deu 20 canas. ¿Cantas tivemos que pedirles ós veciños?


7- Colocámoslos cos seus:

Ordenamos en 3 grupos polo número de sílabas, que salientamos dando palmas.

pampillo
cala
cana
fiúncho
pao
margarida
coroa
ovo
laranxa
palitroque



O maio en discos



* **Brath:** *Kalaikía*. LP, Fonogram, Madrid 1982.

Tema: Primavera. Letra e música: Eloi Caldeiro.

* **Doa:** *Perfiles*. LP, Sociedad Fonográfica Asturiana 1986.

Tema: Maio. Instrumental.

* **Dolores Plata:** *Lúa descolorida*. LP, Edigal, Madrid 1985

Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro, Música: Rodrigo Romani

* **Emilio Cao:** *Amiga alba e delgada*. LP, Edigal. Madrid 1985

Tema: Sol de maio. Instrumental. Música: Emilio Cao

* **Luís Emilio Batallán:** *Ahí vén o maio*. LP, Movieplay, Madrid 1975

Tema: Ahí vén o maio. Letra: M. Curros Enríquez Música: L. E. Batallán

* **Muxicas:** *O demo fungón*. LP, Edigal, Madrid 1988

Tema: Maio. Cancioneiro de Casto Sampedro e Folgar.

* **Muxicas:** *Muxicas*. LP, Edigal, Madrid 1986

Tema: O maio de Vilalba. Música: Francisco Blanco

* **Na Lúa:** *A estrela de maio*. LP, Edigal, Madrid 1987

Tema: Maio. Tradicional.



O maio en discos

Tema: Non ven al maio. X. Paz Antón.

Tema: Maio, maduro maio. José Afonso


Tema: A estrela de maio. X. Paz Antón

* **Na Lúa:** *Na Lúa*. LP, Edigal Madrid

Tema: Vértolas de maio. Antón Rodríguez

* **Xocaloma:** *Rosas de luz*. LP, Sons Galiza, 1990

Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro .Música: Rodrigo Romarí



ESTE LIBRO RECIBIU UNHA AXUDA Á EDICIÓN DA:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
Dirección Xeral de Política Lingüística

